


AS IRMANDADES DA FALA

INTRODUCCIÓN

A literatura galega nas portas do séc. XX recolle as herdanzas da época anterior, a literatura decimonónica: O **Rexurdimento**, temas populares.



Maruja Mallo, desnudo surrealistas, 1927

Agora vanse abrir novos camiños froitos dos cambios sociais e políticos e dos novos pensamentos... que terá o seu cume nas **VANGARDAS**

CONTEXTO HISTÓRICO

1889-1939

- Restauración borbónica(1874 - 1939)
- Rexencia de María Cristina (1885 - 1902)
- Crise da Monarquía de Alfonso XIII (1902 - 1931)
- Ditadura de Primo de Rivera (1923)
- II República (1931)
- A Guerra Civil (1936 - 1939)

GALICIA: O CAMIÑO CARA Á MODERNIDADE

Nas primeiras décadas:

Atraso económico

**Hexemonía social:
fidalguía e clero**



Emigración

**Burguesía case
inexistente**

Non obstante, este período caracterízase por
unha serie de **CAMBIO**S

CAMBIOS SOCIOECONÓMICOS

Caída da fidalguía, desaparece o sistema foral



Emigración do
campo á cidade

Foro era un contrato estendido en Galicia, polo que unha persoa lle arrendaba unhas terras a outra a cambio dunha cantidade de diñeiro ou de produtos da terra.


Xorde unha pequena burguesía industrial e financeira



- Eu son un desgraciado por pagar tanta contribución
- Máis desgraciado son eu por non pagar ningunha

O AGRARISMO

Movemento social máis representativo do primeiro terzo do séc. XX; trátase dun proceso reivindicativo que procura melloras nas condicións de vida dos campesiños



ETAPAS DO AGRARISMO

- **I ETAPA** (1907 - 1915).
Loita anticaciquil pola terra encabezada por **SOLIDARIDAD GALLEGA. UNIÓN CAMPESIÑA** e **ACCIÓN GALLEGA**.



Basilio Álvarez, cura de Beiro (Ourense)
activista agrario

- **II ETAPA** (1917 - 1923) os labregos amosan unha gran combatividade non lle importando facer fronte á Garda Civil ou á xustiza.



- **III ETAPA** (1923 - 1930) correspóndese coa Ditadura de Primo de Rivera, onde proliferan os sindicatos católicos que comezan coa divulgación de abonos e maquinarias polas aldeas.



- **IV ETAPA** (1931 - 1936) **II República**. Diversificación política no interior: católicos de dereitas fronte a comunistas e nacionalistas.



IRMANDADES DA FALA

Asociacións culturais e políticas que nacen por iniciativa de Antón Villar Ponte na Coruña, 1916

OBXECTIVO

Defensa do idioma galego como punto de partida para a recuperación cultural de Galicia



O seu ideario

OS AMIGOS DA FALA



NA CRUÑA

O amor pol-a terra é o
formento da súa dinifica-
ción e progreso.

Cada terra seu uso
cada roca seu fuso.

Pobo que recobra a
fala, recobra tamén o seu
espírito.

O Estado é obra dos
homens; a nacionalidade,
de Deus.



O señor Gerardo Roque
foi decrarado irman dos Amigos da fala,
sendo en conta as súas condicións de bon
galego, na xunta do Consello do día 14 de
Novembro de 1917.

Rogamos ás demais irmandades de
Galicia que no caso de que fose mester,
desgarden as consideracións de tal irman.


Na Cruña, a 14 de Novembro de 1917.

O SEGREDARIO,

O CONSELLEIRO 1.º,

J. Villar Ponte

I ASEMBLEA NACIONALISTA GALEGA



- Procura dunha autonomía integral para Galicia dentro dunha confederación ibérica.
- Consecución para Galicia dun posto na Sociedade de Nacións (Xenebra).
- Cooficialidade entre lingua galega e a castelá, e promoción do galego en todos os niveis do ensino.
- Reforma administrativa
- Modernización socioeconómica = abolición do sistema foral, desenvolvemento da agroindustria

Primeira páxina do Manifesto da I asemblea celebrada en Lugo, 1918

NACIONALISMO

Xorde como evolución do galeguismo rexionalista nas primeiras décadas do séc. XX cara a un movemento de defensa e exaltación dos valores e dereitos culturais, económicos e políticos do pobo galego.

A asociación agraria
SOLIDARIDAD GALLEGA
fai de ponte entre o
rexionalismo e as **Irmandades
da Fala** e no seo desta nacerá o
nacionalismo galego.

1931 fúndase o
Partido Galeguista



No **PG** cohabitan tres **tendencias**:

conservadores



Otero Pedrayo



Vicente Risco

a esquerda



A. D. Rodríguez Castelao



Alexandre Bóveda

arrendistas, grupo minoritario
partidario da independencia

todos colaboran no referéndum do
ESTATUTO DE AUTONOMÍA
(1936)



CAMBIOS CULTURAIS

A Real Academia Galega

Foi promovida desde A Habana por Fontela Leal e Curros Enríquez no ano 1905



O Seminario de Estudos Galegos 1923

Xorde en Santiago como unha institución de carácter interdisciplinar creada por iniciativa de alumnos e profesores da Universidade de Santiago.




Fins: a pescuda sistemática, a formación de investigadores e a divulgación da realidade galega.

O Grupo Nós

Formado por un reducido círculo de intelectuais nados entre 1880 e 1890 (**Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas**) que chegan ao galeguismo, xa na madurez, desde unha posición ideolóxica caracterizada polo europeísmo cosmopolita, o elitismo e o culturalismo.

A revista *NÓS*



Unha das empresas culturais galegas máis importantes. Publícase en **1920** en **Ourense**

A POESÍA DAS IRMANDADES DA FALA

CARACTERÍSTICAS, AUTORES E OBRAS
REPRESENTATIVAS

INICIATIVAS DAS IRMANDADES

**Animan ao cultivo
literario galego**

xornais e
revistas

Crean
editoriais: Lar,
Céltiga



**Diversifican e
renovan os xéneros e
estilos literarios**



**Propaganda
comercial do libro
na nosa lingua**

**Verten ao noso idioma
obra da literatura
universal**

A POESÍA

CARACTERÍSTICAS

- Preponderancia da poesía.
- Dúas liñas principais: romántica e realista.
- Cambios de actitude estética e influxo doutras literaturas e actualización de temas.

TENDENCIAS POÉTICAS

TRADICIONAL	RENOVADORA
A. Noriega Varela, Álvarez Limeses. G López Abente, Xosé Crecente Vega	Ramón Cabanillas
• Continuadores da poesía do séc. XIX. • Reticentes a innovacións e influencias foráneas. • Reivindicación do “enxebre”: costumismo, sentimentalismo, temas populares.	• Parte da poesía do XIX. • Asimila trazos formais da poesía contemporánea. • Incorpora temas da realidade social do momento. • Ponte entre o Rexurdimento e as correntes de vangarda dos novecentistas.



ANTONIO NORIEGA VARELA
(Mondoñedo, 1869 - Viveiro, 1947)

O POETA DA MONTAÑA

*O que a Galicia mal queira
pode vivir sosegado:
fun o vinteito á feira
e non vin unha **monteira**
nin un **dengue** colorado*

Critica o cambio de
costumes e a perda de
tradición simbolizada no
dengue e na monteira




OBRA

Montañasas (1904)



Do ermo (1920)



Autor dunha soa obra que foi ampliando ao longo da súa vida.

LIÑA COSTUMISTA-REALISTA

O LEITE FRESCO

*¿Cando vas tomar o leite?,
me andaba decindo Anxela,
cada vez que viña á vila
vender ovos ou manteiga,
i eu, por dar gusto á curmán
i adivertirme na aldea,
unha tardiña de abril
determineime e fun vela.
Era un bendecir a Dios
ollar a natureza:
¡cantos páxaros chiando!,
¡cantas froles polas veigas!,
¡cantos gromiños nos albres!,
¡que música a das fontelas!*

Este longo poema é un
cadro de costumes
versificado en romances ao
longo de 12 páxinas

Á montaña

*Loas que che brindo son
os meus versos, irta serra,
porque adoro a tradición,
i en par do teu corazón
gárda-las da nosa terra.
Non me namora o mar fero
que a moitos tanto lles gusta;
a ti, montaña, che eu quero,
e non morro, porque espero
gozar da túa paz augusta.*

LIÑA INTIMISTA E FRANCISCANA

*“Xurara que me intresa
máis un verme de luz que un diamante”*

*...polo millor tesouro
non trouco as froliñas de ouro
con que te vistes montaña...*

*¿Es un vermiño? Deixa que che eu cante
e tu que es un leproso, pasa adiante,
e bebe, xirmao dos astros e das rosas!*

Abandona o ton descritivo, céntrase no intimismo máis puro arredor da soidade do ermo da montaña, e nesta paisaxe recrease nas cousas máis pequenas e humildes (a flor de toxo...) e aquí radica o seu franciscanismo: converter en importante o que en principio parece insignificante.

LIÑA SATÍRICA - BURLESCA

*a república (a feroz
besta brava, ou hidra atroz,
que as lebres moito intimida),
tempos fai que estabrecida
está nas praias de Foz...*

*Os brañegos que se van
prá rica Fauja, fan ben:
Alí como sobra pan,
¡mudo e cocido llo dan
ó que de seu non o ten!*

Amósanos ao poeta en contra da República, das ideas progresistas, dos galeguistas e nacionalistas.

LIÑA CÍVICA

Acción gallega é unha moza

...

¡é a patria resucitada!

...

*é tratar con vilipendio
ós déspotas, é un incendio
¡de moita ialma! que cunde;
e descomunal batalla
que lle presenta á canalla.*

Foi poeta civil ocasional, son sobre todo anticaciquís.

Recompilador de literatura popular

Como falan os brañegos. Serie I (1928). Ed. Nós

A virxe y-a paisanaxe (1913)

consta de 101 cantigas populares en torno á figura da Virxe.

*Nosa Señora “da Barca”
aló vai pola Ribeira,
collendo conchiñas de ouro
meténdoas na faldriqueira.*

Faceta incluída dentro da súa ideoloxía defensora de todo o tradicional, consciente da perda das tradicións, costumes, refráns, cantigas....

Defensor da lingua

*O que escribe en gallego
por mal qu'ó faga,
pon algun grau d'area
n-a moreada:
porque di un dito:
axuntando pingotas
formas'un cirio.*

“De ruada”

*Nosa fala é un paxariño
que adoita fague-lo niño
no seio do hirsuto monte:
ben na póla dun espiño,
ben á beira dunha fonte.*


...

*O gallego é un suspiriño,
¡é a cousa máis meiga que hai!
é o linguaxe amorosiño
en que oín decir: ¡filliño!..
de labios de miña mai.*



*E de prata á folerpiña,
d'ouro vello á frol d'a xesta:
iben pode rumbar o monte
señor de tanta riqueza!*

Antonio Noriega Varela





RAMÓN CABANILLAS
(*Cambados, 1876 - 1959*)

OBRA

poesía

No desterro (1913)

Vento mareiro (1915)

Da terra asoballada (1917)

Na noite estrelecida (1926)

O bendito San Amaro (1926)

A rosa de cen follas (1927)

Camiños no tempo (1949)

Da miña zanfona (1954)

*Versos de alleas terra e tempos idos
(1955)*

Samos (1958)

teatro

*A man da santiña
(1921)*

O Mariscal (1926)

prosa

*A saudade nos poetas
gallegos (1920)*
*Antífona da cantiga
(1951)*

OBRA POÉTICA

Comezou a escribir tardiamente. Abrangue 45 anos, de aí a grande extensión litearia da súa obra e a pluralidade temática que nela cultivou.



Ambas as dúas
publicadas na
Habana



No desterro. Visións gallegas(1913)

Vento mareiro, 1915


POESÍA



Da terra asoballada (1917)



Na noite estrelecida (1926)



A rosa de cen follas (1927)



Camiños no tempo (1949)

Da miña zanfona (1954)




Samos (1958)

ETAPAS DA SÚA OBRA

ETAPA PREGALEGUISTA

1910 - 1915

- Etapa influenciada polo movemento agrario liderado por Basilio Álvarez.
- Poeta intimista (o amor, a saudade o desterro).
- Poeta descritivo (a aldea e o mar)
- Poesía cívica asociada ao agrarismo



*na tristura das horas do desterro,
ante os meus ollos, rebulindo, brilan
roxas e ardentes, para morrer nun sopro,
voadoras muxicas.*

*Sol de outono no mar calmo fungue o lume
alá, lonxe, chirra un carro no camiño;
canta a ágoa no rodicio do muiño;
e arrecende dos funchos o cheirume*

*¡Irmáns! ¡Irmáns gallegos!
Dende Ortegal ó Miño
a folla do fouciño
fagamos rebrilar!*

ETAPA GALEGUISTA

1916 - 1920

- Influenciada polo nacionalismo das Irmandades da Fala.
- Poesía cívica-nacionalista (Galicia contraposta á Castela)




*jirmáns! En pé sereos
a limpa fronte erguida,
envoltos na brancura
da luz que cai de riba,
o corazón aberto
a toda verba amiga,
e nunha man a fouce
e noutra a oliva.*

*arredor da bandeira azul e branca
arredor da bandeira de Galicia,
cantémo-lo dereito
a libre nova vida.*


ETAPA MÍTICO-SAUDOSISTA

1921 -1930

- Influenciada por E. Pondal.
Enxalza con saudade o pasado glorioso de Galicia -a época celta do rei Artur- para espertar a conciencia galeguista (didactismo). Vaticina un futuro esperanzador xa que o rei Artur está nunha ribeira galega á espera de tempos mellores.



liña intimista
amorosa



- Poesía narrativa
- Ton solemne e maxestático
- Misticismo relixioso
- Nacionalismo
- Poesía lírica con influencias modernistas

ETAPA MÍSTICA

1939 - 1959

Poesía de contemplación e introspección

Da miña zanfona


(1954) trata, con voz amarga, a vida e a morte



comuñón coa natureza para lograr o equilibrio interior




recompilación de poesía narrativa e lendaria




recompilación de cántigas populares

Versos de alleas terras e tempos idos (1955)
no que é tradutor e adaptador de poemas gregos, latinos, ingleses e alemáns

TEATRO



O Mariscal (1926)
escrita con A. Villar
Ponte. Traxedia histórica
en verso de clara
inspiración modernista



A man da Santiña
(1921) comedia de
costumes señoriais e
asunto amoroso.

*“Quero na lousa que me dé sosego
esta palabra que ten luz: **Poeta**
e esta palabra que ten aas:
Galego”*